

Acta núm. 27/2019.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 31 de outubro de 2019.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 31 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 26/2019, DO 22.10.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 26/2019, DO 22.10.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22.10.2019, acta núm. 26/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMARO RÚA LAGO, na que comunica que vai realizar obras interiores, consistentes en arranxar puntualmente as instalacións, substituír o pavimento e pintar o local sito na Urbanización Balneario do Tremo, núm. 5, A.

A edificación onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JIAHUI XU, na que comunica

que vai acondicionar un local para: Venda ao por menor de todo tipo de artigos de uso doméstico, na Avda. de Noia nº16, segundo proxecto, e anexo, redactados pola enxeñeira técnica industrial Ana M^a Cruz Carro, de datas agosto e outubro de 2019, respectivamente.

O local sitúase en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 e contaba con licenza para: Establecemento dedicado a tenda de produtos infantís, concedida polo Pleno do Concello o día 18.12.2007 a nome de Bebegal e para a superficie de 335,35m². Sobre o resto existe licenza de construción de:Nave para taller mecánico. Actualmente a nave atópase en situación de non compatible plenamente co planeamento, segundo artigo 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e sobre ela, poden realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar os propietarios ao incremento do valor expropiatorio. Segundo o Plan básico autonómico de Galicia, complementario do Plan Xeral do Concello de Brión, ademais poderán permitirse as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º)Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- En relación coas obrigas sinaladas no artigo 20 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o propietario deberá afrontar os custes de urbanización precisos para completar os servizos urbanos pendentes (pavimentación do espazo fora da aliñación oficial) e executar as obras necesarias para conectar ás redes de servizos e viarias en funcionamento. Advírtese que para a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeado público) deberá aportar un aval por importe de 900,00 euros.

- Unha vez rematadas as obras de acondicionamento do local, con carácter previo ao inicio da actividade, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido ao respecto pola Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Certificado final de obra asinado polo director da obra.
- Certificado no referente ao cumprimento das condicións acústicas/conforme á Lei 37/2003, do ruído e o Real Decreto 1367/2007, de desenvolvemento.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 370,26 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 434,83 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ QUINTÁNS NOVO na que comunica que vai construír un muro de peche en Brión de Abaixo nº21, coas seguintes características:

- No linde coa vía pública, 18 m. aproximadamente, executarase con muro de formigón in situ e chapado posterior de pedra.
- Nos lindes posterior e traseiros, con parcelas doutra titularidade, con postes separados cada 4 m. e reixa metálica.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- No linde coa vía pública o peche situarase a 5,5 m. do eixe do vial polo linde leste e a 4 m. do eixe do vial polo linde norte.
- A altura total do peche realizado en formigón e chapado de pedra será de 1,20 m. sobre a rasante natural do terreo.
- A altura total do peche realizado con postes e reixa será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 220,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 284,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER PAIS RODRIGUEZ na que comunica que vai construír un muro de peche en Bemil nº34, coas seguintes características:

- No linde coa vía pública situarase segundo plano do documento administrativo de cesión asinado na data 07.06.2017 previo á licenza para construción dunha vivenda, outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 29.12.2015, modificada pola Xunta de Goberno Local o 07.06.2017. Executarase con muro de pedra de 1,20 m. de altura sobre a rasante natural do terreo e 60 cm. de lamas de aluminio lacadas por enriba; contará con dous portais de entrada. A altura total do muro será de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.
- No linde coas parcelas oeste e sur, executarase con muro de contención de formigón escalonado, para non alcanzar unha altura maior de 1,45 m. en ningún tramo, e por enriba maia electrosoldada. A altura total do muro non será maior de 1,80 m. sobre a rasante natural do terreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte de formigón será convenientemente enfuscada e pintada.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 201,65 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 266,22 euros.

3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JULIO CÉSAR MARTÍNEZ SUÁREZ na que solicita licenza de obra para reparar unha canalización de abastecemento de auga en Soigrex nª18- Bastavales.

A parcela á que se pretende dar servizo, con referencia catastral nº 7412631NH2471S0001TB, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 310,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

4º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO PÉREZ MOSTEIRO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun segundo vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda sita na Rúa Moutello nº5, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o segundo vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González